

Orde do día dos asuntos que se han tratar na sesión ordinaria da Xunta de Goberno que terá lugar o venres, 16 de marzo, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, número 5/18, do 2 de marzo.

Asesoría Xurídica

2.- Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se dispón o acatamento da sentenza da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, do 22/02/2018, recaída no recurso PO 4189/2015, interposto por D^o Andrés Meijide Cabo e D^a María Manuela Vigo Vázquez, contra o acordo do Concello de Santiago de Compostela sobre a aprobación definitiva do Plan parcial do solo urbanizable delimitado número 17 (SUD-17).Monte do Gozo-Aríns.

3.- Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se dispón o acatamento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 4 dos da Coruña, do 06/03/2018, recaída no recurso PA 176/2017, interposto por “Gestión Tributaria Territorial, SA”, sobre reclamación de cantidade.

4.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se dispón a comparecencia no procedemento concursal nº 535/2017, que se tramita á entidade Texdobra, SL.

5.- Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se dispón a comparecencia no procedemento concursal nº 396/2016, que se tramita á entidade Modesto Carrodegua, SL.

Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos

6.-Aprobación das bases para elaborar as listaxes para a selección de persoal funcionario interino e/ou laboral temporal, para posibles nomeamentos e/ou contratacións laborais temporais, para postos de técnico/a financeiro/a tributario (A1), de administración especial.

7.-Aprobación das bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes á Oferta de Emprego Público do ano 2015.

Servizo de Asistencia Técnica a Municipios

8.-Aprobación do informe sobre o proxecto de urbanización do sector de solo urbano non consolidado POL-31, sito na praza da Rabadeira do Concello de Oleiros.

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

9.-Aprobación das bases específicas do programa DP0025, de axudas a entidades sen fins de lucro para financiar proxectos de actividades no ámbito da axuda ao desenvolvemento en 2018.

10.- Aprobación das bases específicas do programa DP0026, de axudas a entidades sen fins de lucro para financiar proxectos de investimentos no ámbito da axuda ao desenvolvemento en 2018.

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

11.- Aprobación das bases específicas do Programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o desenvolvemento de programas de políticas de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e loita contra a violencia de xénero no ano 2018, para a súa aprobación na próxima Xunta de Goberno.

12.-Aprobación das Bases reguladoras do Programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais, musicais e de artes escénicas na provincia da Coruña, durante o ano 2018 (FO223/2018)

13.- Modificación das Bases reguladoras das convocatorias de subvencións dirixidas aos concellos e outras entidades locais, da Deputación Provincial da Coruña, ano 2018.

14.- Modificación das Bases reguladoras das convocatorias de subvencións dirixidas a entidades privadas (iniciativa social sen ánimo de lucro e centros especiais de emprego), da Deputación Provincial da Coruña, ano 2018

ROGOS E PREGUNTAS